

LATA de SAL

Lata de Sal é unha editorial de álbum ilustrado especializada en dúas coleccións únicas:

Vintage e Gatos.



Un día de neve

Texto e ilustracións de **Ezra Jack Keats**

FORMATO 28x25 cm

PÁXINAS 36

ISBN 978-84-940584-7-9 (galego)

ISBN 978-84-940584-6-2 (castelán)

ISBN 978-84-940584-8-6 (catalán)

1.ª PUBLICACIÓN 1962, EE.UU.

TRADUCCIÓN Rafa Salgueiro

INTERIORES Papel FSC de 170 g

ENCUADERNADO Cartoné ao cromo plastificado mate en papel FSC de 135 g sobre cartón de 2,5 mm

TIPOGRAFÍA Eames Century Modern

PAPEL Procedente de fontes responsables

ASÍ COMEZA



Sinopse

«Unha mañá de inverno, Peter espertou e mirou pola ventá. Nevara toda a noite. A neve cubría todo ata onde lle alcanzaba a vista.»

É un día de neve e Peter vai descubri-la. Sae abrigado á rúa para pasear entre montóns de neve amoreada e para ver os nenos grandes xogar a tirarse bólas xigantes. Descubre os sucos que deixan os seus pés na neve espesa e o divertido que resulta facer anxos movendo os seus brazos contra unha montaña de neve branca. Peter é pequeno, pero el só aprenderá cantas aventuras se poden gozar... nun día de neve.

Un día extraordinario.



O autor

Ezra Jack Keats destacou pola naturalidade dos seus textos e pola **multiculturalidade** dos seus personaxes. Foi o primeiro autor en crear un libro ilustrado con **un heroe negro** e tamén o primeiro en deseñar **postais de Unicef**. A inspiración d'Un día de neve atopouna 20 anos antes de escribilo, nunha tira da revista *Life*. Fixouse nun neno que cambiaría a súa vida. Deste libro dixo: «O importante é a **sinceridade**».

Regalo! Este libro vén cun Taller para facer unha colaxe ti mesmo. Ademais, vén tamén cun cepillo de dentes personalizado para realizar a técnica da colaxe. Foi ilustrado en parte mollando un cepillo de dentes en tinta e salpicando a cor sobre as páxinas. Outro uso para un cepillo de dentes.

O primeiro protagonista negro na historia do álbum ilustrado

Por que quedas enlatado con este libro?

01.

Tres millóns de exemplares vendidos en todo o mundo

02.

Un dos 100 libros para nenos máis importantes do século xx (New York Public Library)

03.

Premio Caldecott no ano 1963

04.

Revolucionou este xénero ao usar a colaxe para ilustrar todas as páxinas d'Un día de neve

05.

Traducido a 10 idiomas

A **Colección Vintage** inclúe exclusivamente libros inesquecibles, escritos e ilustrados en calquera lugar do mundo hai máis de 30 anos. Premiados e de referencia nos seus países, nunca chegaron a España... ata agora. **Foron seleccionados entre miles.**



www.latadesal.com
info@latadesal.com



Libros para sempre